

blecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños dos lugares de Casfigueiro, Reda, Cotelas, A Folgosa, Freás da Canda, Guimarás, As Lagoas, Porto do Souto, San Mamede da Canda, Vila-riño e Mirela, parroquia da Canda, no concello de Piñor, o Monte de Cestos coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xurado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do proce-

demento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 5 de marzo de 2007.

Xosé Rodríguez Cid

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

Edicto do 6 de marzo de 2007, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Costa da Reguega, por solicitude dos veciños de Marnotes e A Condomiña, parroquia de Campo, no concello do Irixo (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 21 de febreiro de 2007, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado Costa da Reguega, tramitado por solicitude dos veciños dos lugares de Marnotes e A Condomiña, da parroquia de Campo, resultan os seguintes:

Feitos.

Primeiro.-Con data do 14 de abril de 2004 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños dos lugares Marnotes e A Condomiña, parroquia de Campo, concello do Irixo, no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños dos citados lugares.

Segundo.-Con data do 15 de marzo de 2006, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: O Irixo (Ourense).

Denominación do monte: Costa da Reguega.

Comunidade veciñal solicitante: veciños dos lugares de Marnotes e A Condomiña, parroquia de Campo.

Superficie: 5 ha, aproximadamente.

Extremas:

Norte: co monte de igual denominación pertencente aos veciños de Casares e Reguega, leiras particulares de Manuel e Dolores Penedo Trigás; José Fox Nogueira, José A. e Purificación Pérez Rodríguez; José Prieto Pérez; Manuel Parada Pérez e irmáns; José Andrés Des Lema; Encarnación Gibeira Lois; Celia Conde Penedo; María Nogueira Casas e irmáns; irmáns González Penedo; Felisa Castro Novoa; Purificación Trigás Rivas e camiño.

Sur: estrada de Marnotes ao Irixo.

Leste: leiras particulares de Eduardo Pájaro Penedo; Purificación Trigás Rivas e Edelmiro Pérez Ferradás.

Oeste: leiras particulares de Edelmiro Ferradás Pérez; Isaura Gil Covela; Jesús Pérez López, José Manuel e Dolores Penedo Trigás, José Luis Penedo Iglesias; César Domínguez Carballeda; Felicitas Beltrán González; Paz e Manuel Domínguez Taboada, Delia Nogueira Ferradas; Plácido Penedo Iglesias e Renfe.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños dos lugares de Marnotes e A Condomiña, parroquia de Campo, no concello do Irixo, o monte Costa da Reguega coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xurado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 6 de marzo de 2007.

Xosé Rodríguez Cid

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

Edicto do 6 de marzo de 2007, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Costa da Reguega, por solicitude dos veciños de Casares e Reguega, parroquia de Campo, no concello do Irixo (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en



COORDENADAS UTM

VERTICE	COORDENADA X	COORDENADA Y
1	573597,6532	4707238,6893
2	573756,4256	4707072,0347
3	573749,4600	4707046,0900
4	573770,1500	4707024,7400
5	573775,7000	4707030,0300
6	573802,2755	4707009,4388
7	573657,0900	4706958,2900
8	573606,6600	4706998,0000
9	573551,2100	4707035,8100
10	573509,0600	4707040,1600
11	573463,3400	4707077,1200
12	573432,8100	4707100,7200
13	573406,5000	4707097,1500
14	573392,4400	4707084,2000
15	573377,2600	4707113,8700
16	573319,7500	4707154,6500
17	573323,3100	4707166,1800
18	573338,6400	4707146,8100
19	573352,8200	4707139,7800
20	573368,3700	4707132,3500
21	573397,2800	4707123,4400
22	573438,6400	4707120,1600
23	573473,9200	4707137,1500
24	573474,8800	4707143,3100
25	573574,1800	4707174,2000
26	573555,1400	4707192,7900

MONTE "COSTA DA REGUEGA DE MARNOTES Y CONDOMIÑA"

IRIXO - OURENSE

SUPERFICIE: 49.600 M2 (4 Has. 96 a.)

ESCALA 13.000

